

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

1- Introducción:

2- Normas xerais de convivencia:

3- Convivencia entre os distintos sectores:

3.1- Relacións do profesorado coas familias
Relacións coa ANPA
Relacións do titor cos pais, nais ou titores legais.

3.1.2.1- Reunión ao comezo do curso

3.1.2.2- Horario de atención aos pais.

3.1.2.3- Acceso dos pais aos mestres especialistas do grupo.

3.1.2.4 - Comunicación dos datos de avaliación e cualificacións.

3.1.2.5 - Consulta do material de avaliación.

3.1.2.6- Información a pais e alumnos sobre o NOFC

3.1.2.7 - Reclamación sobre docentes

3.1.2.7.1 - Dos alumnos

3.1.2.7. - Dos pais

3.2- Relacións profesorado-alumnado:

3.3- Relacións entre alumnos/as:

4- Faltas e Sancións: (Remitímonos as recollidas no RRI)

5- Correccións das condutas contrarias as normas de convivencia.

6- Este plan de convivencia complementábase co propio Plan de Acción tutorial.

1.- Xustificación.

O plan de convivencia do CPI Tomás Terrón Mendaña é o documento que recolle todos aqueles aspectos que teñen que ver coas relacións interpersoais dentro do colexio. Parte da nova estrutura do Proxecto Educativo que define a LOE, Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de Maio, e tenta axustarse ós requisitos legais e ás nosas necesidades.

Constitución do observatorio da convivencia.

O observatorio da convivencia quedou constituído na sesión ordinaria do Consello Escolar do día 21 de outubro de 2016 e integrado polos seguintes membros:

- **O Director:** Berta Gudiña Barrio
- **O xefe de estudos:** Marcos Canedo Prada
- **A orientadora:** Berta Gudiña Barrio.
- **Os representantes do profesorado:** Iris Gey e Miguel Pita Galego.

- **A representante das nais e pais:** Josefa Portela Fernández.
- **O representante dos alumnos:** Daniela Tato
- **A representante do persoal non docente:** Milagros Álvarez Cabo
- **A traballadora social do concello:** Isabel Coto
- **Os titores implicados en cada tema a traballar.**

Elaboración e dinamización do plan de convivencia.

A elaboración e redación correspóndelle ó Equipo directivo, xa que se fixo un reparto de traballo para o deseño dos diferentes documentos que van formar parte do P.E. Unha vez esbozado se presentará ós membros do observatorio da convivencia e se pedirán aportacións a todos os membros da comunidade escolar. A dinamización do plan correspóndelle ó observatorio da convivencia do centro.

Definición da convivencia.

Convivir nunha sociedade democrática significa para nós:

- Compartir un espazo vital co resto das persoas que a compoñen.
- Respetar o seu xeito de ser, de pensar e as súas características físicas e circunstancias persoais.
- Rexeitar todas as formas de violencia.
- Ter unha capacidade de participación activa na sociedade e aproveitar as oportunidades de decidir sobre o seu rumbo.
- Promover a actitude crítica diante da complexidade da vida na sociedade actual.
- Convivir co medioambiente, coa natureza que nos rodea, como un dos retos máis importantes ós que se enfrenta a especie humana.
- Crear uns hábitos de consumo responsables, economizando á hora de empregar as fontes de enerxía, coidando as especies de flora e fauna do entorno.
- Usar as novas tecnoloxías con responsabilidade.

En resumo respecto, tolerancia, responsabilidade, participación activa e actitude crítica serán as aspiracións do proceso educativo no CPI Tomás Terrón Mendaña.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

Segundo a Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio, artigo 121, o Proxecto Educativo de Centro debe de recoller o plan de convivencia.

No CPI elaboramos o plan de convivencia que recollemos a continuación según as seguintes directrices:

- a- Entendemos que un plan de convivencia debe de ser constructivo, de xeito que sexa realmente unha ferramenta que contribúa a mellorar o clima de relacións que se producen nun centro educativo.
- b- Consideramos que un plan deste xeito debe abarcar os distintos tipos de relacións que se producen e non unicamente as relacións docente-discente, neste sentido incluímos diferentes apartados específicos en función de que se trate de relacións coas familias, cos alumnos ou entre os alumnos entre si.
- c- Confiamos no presente plan como vía de prevención de conflitos, non obstante somos conscientes de que como en todo sistema de relacións, estes inevitablemente, as veces, aparecerán, nese caso a primeira vía de solución sempre pasará polo diálogo e a mediación, e como último recurso sempre estará a aplicación das correccións establecidas no Regulamento de Réxime Interior.

1- Normas xerais de convivencia:

1.- En todo momento, tanto alumnos/as, como mestres e pais/nais respectarán a ideoloxía, raza, sexo ou nacionalidade dos demais; sen agresións nin ameazas físicas ou morais.

2.- Tódolos membros da comunidade escolar respectarán ó máximo os horarios establecidos.

3.- O profesor titor será informado polos mestres que imparten no seu grupo das incidencias ou situacións da clase, ou dalgún alumno/a, cando xurdan problemas ou incidencias.

4.- Os alumnos/as subirán ás súas clases con normalidade, sen formar filas, entrando primeiro os de Infantil e logo por ciclos.

Evitaranse as aglomeracións e todo o que poida molesta-los seus compañeiros.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

5.- Os alumnos/as dirixiranse ás súas aulas sen deterse nos corredores nin entrar en outras aulas.

6.- Os alumnos/as de cada aula estarán baixo a responsabilidade do mestre que, nese momento, deba impartir clase nese grupo.

7.- Na primeira clase de cada sesión ou cando se reanuden as clases despois do recreo, o profesor deberá entrar na aula cos seus alumnos/as, procurando que estes ocupen os seus postos con normalidade.

8.- Durante as clases só se concederá permiso para saír da aula ós alumnos/as que realmente o necesiten, e nunca a máis de un á vez.

9.- Para entrar nas aulas alleas á propia a solicitar algo, pedirase o permiso correspondente con corrección.

10- En ningún caso se permitirá subir ás aulas sen a autorización dun mestre.

Se algún mestre, pola razón que sexa, considera que algún alumno/a debe permanecer nas aulas durante o recreo, el encargarse da súa vixilancia.

11- Se algún alumno/a sufrira algún accidente, os mestres prestaranlle a primeira asistencia.

12- Os mestres encargados do control do patio serán os encargados de toca-lo timbre ou sirena en tódalas entradas ou saídas.

13- No patio, a zona do areeiro e as súas cercanías, destinadas os nenos/as de Infantil, non é accesible para os maiores, e ademais non se empregarán balóns.

14- No recreo, os alumnos/as non poderán saír do patio. Se houberse que saír a recoller algún elemento de xogo, deberán pedir permiso ós mestres que estean no patio.

15- Ó final da última clase de cada sesión, os mestres sairán os últimos da aula, asegurándose de que todo quede en perfecto estado.

16- O emprego dos xogos que están dentro do edificio levarase a cabo con permiso dalgún mestre, máis cos turnos establecidos.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

17- Por razóns de organización, se un profesor decidira da-la clase noutra dependencia do colexio distinta á habitual, comunicarllo con anterioridade á dirección.

18- Se algún profesor, de acordo coa súa programación, decidirá sacar ós seus alumnos/as fóra do recinto escolar, comunicarllo á dirección, e deberá contar coa autorización escrita dos pais.

19- En caso de ausencia dalgún mestre, os demais mestres colaborarán coa atención e vixilancia das súas clases, na forma que determine a dirección; preferentemente a cargo dos mestres que non teñan clase nese momento.

20- O material de Educación física só se empregará cando o determine o mestre correspondente.

21- Na aula, cada alumno/a recollerá e coidará o seu material. Ademais, o material de uso común e demais elementos da aula serán respectados e coidados con esmero.

22- O material de emprego común do colexio será utilizado no lugar destinado. Calquera cambio de ubicación será autorizado polo mestre responsable.

23- A rotura ou deterioro de instalacións, material e mobiliario, por uso indebido ou negligente, será compensado economicamente.

24- Os alumnos/as, pais/nais e mestres serán informados das resolucións, comunicacións e regulamentos que poidan afectarlles, mailos acordos dos órganos de dirección e equipos do colexio.

25- Como as obrigacións dos mestres cara ós alumnos/as teñen carácter preferente, as visitas dos pais/nais faranse segundo o horario establecido, sempre fóra das horas de clase.

26- Os alumnos/as do transporte escolar permanecerán dentro do patio ata que chegue o vehículo de transporte, e entrarán no patio cando cheguen ó colexio.

27- As faltas de asistencia a clase dos alumnos/as serán xustificadas segundo se especifica no apartado correspondente deste regulamento. As dos mestres xustificaranse segundo a lexislación vixente.

28- Tanto alumnos/as como mestres vestirán e estarán correctamente aseados.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

29- Os pais/nais teñen a obrigaón de comunicar ó colexio as enfermidades infecto-contaxiosas dos seus fillos, que permanecerán na casa mentres dure a convalecencia.

30- O alumno/a afectado por parásitos só será admitido no colexio cando estea totalmente libre deles.

31- O material de informática destinado ós alumnos/as só será utilizado cando estea diante un mestre/a que se encargará do emprego correcto tanto a nivel material como dos programas ós que se acceda.

32- O material informático destinado ós mestres/as só será empregado para as necesidades relacionadas có ensino, nunca para asuntos persoais; coidando con esmero o material e ó acceso a programas axeitados.

2- Convivencia entre os distintos sectores:

3.1- Relacións do profesorado coas familias:

3.1.1- Relacións coa ANPA

No noso Centro existe unha Asociación de Pais/Nais legalmente constituída coa que se manteñen relacións de colaboración en conto á organización de actividades culturais destinadas aos membros da comunidade educativa.

3.1.2- Relacións do titor cos pais, nais ou titores legais.

A Orde do 22 de Xullo de 1997 relativa ás Instrucións que regulan a Organización e Funcionamento das Escolas de Ed. Infantil e dos Colexios de Ed. Primaria, establece as reunións e entrevistas individuais que os mestres-titores deben manter cos pais dos seus alumnos, en todo caso é prescriptiva unha reunión a principio de curso e asignarásese unha hora de atención a pais no horario semanal de cada mestre titor e fora do horario lectivo dos alumnos/as.

3.1.2.1- Reunión ao comezo do curso

O titor celebrará a primeira reunión co conxunto de pais antes de final de Outubro. Nesta, poderanse tratar os seguintes temas:

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

- a. Presentación dos mestres do grupo de alumnos.
- b. Horario da aula.
- c. Calendario de entrevistas cos pais.
- d. Información sobre o PEC e o RRI.
- e. Asistencia, puntualidade e hixiene.
- f. Normas de convivencia.
- g. Hábitos de estudio.
- h. Criterios de avaliación, recuperación e promoción.
- i. Actividades complementarias e extraescolares
- j. Outros, a criterio do titor.

3.1.2.2- Horario de atención aos pais.

Nos horarios individuais dos docentes incluírase unha hora complementaria semanal para a atención aos pais

Non deberá de atenderse os pais durante as sesión lectivas.

3.1.2.3- Acceso dos pais aos mestres especialistas do grupo.

Os pais dos alumnos poderán entrevistarse cos mestres especialistas, logo de comunicación a titor que fixará o día e a hora para tal fin. O mestre informará o titor do contido da entrevista.

3.1.2.4 - Comunicación dos datos de avaliación e cualificacións.

Os Titores informarán as familias sobre o proceso de avaliación continua dos seus fillos. Os devanditos informes realizaranse tres veces ao ano, nos períodos seguintes:

1. Antes das vacacións de Nadal.
2. Antes das vacacións de Semana Santa.

3. Ao finalizar o curso.

Estes informes entregaranse xeralmente aos alumnos, a excepción dos casos en que o profesor considere conveniente facelo directamente aos pais.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

Os boletíns de notas serán asinados polos pais e devoltos ao titor, salvo ao final do curso, que quedarán en poder dos pais.

3.1.2.5 - Consulta do material de avaliación.

Os pais e os alumnos terán acceso ao material de avaliación, logo de petición a mestre correspondente, quen os recibirá no seu horario de visita de pais.

3.1.2.6- Información a pais e alumnos sobre o NOFC

A publicación dos contidos máis relevantes destes documentos realizarase coa entrega a todos os pais dos alumnos dun resumo destes unha vez concluído o trámite da súa aprobación. A partir deste momento, para os pais que se vaian incorporando á comunidade educativa, faráselles entrega do devandito resumo no momento de realizar a matrícula.

3.1.2.7 - Reclamación sobre profesorado

3.1.2.7.1 - Dos alumnos

As reclamacións que os alumnos desexen realizar sobre calquera mestre de área canalizaraas a través do seu mestre/profesor-titor. En caso de que estas reclamacións afectasen o titor, os alumnos dirixiranas ao Xefe de Estudios-Director, quen as resolverá logo de audiencia de interesado.

3.1.2.7. - Dos pais

Cando exista algún tipo de reclamación relativa a un docente, os pais deberán dirixirse en primeiro lugar ao mestre afectado, ao obxecto de coñecer todas as circunstancias do feito. Se non fose suficiente, os pais porano en coñecemento do Xefe de Estudios - Director, que resolverá sempre logo de audiencia de mestre interesado.

3.2- Relacións profesorado-alumnado:

Respectaranse os dereitos e deberes de profesores e alumnos recollidos no RRI (Páxinas 3 e 4).

3.3- Relacións entre alumnos/as:

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

3.3.1- Cada grupo de alumnos poderá elixir democráticamente o Delegado e o Subdelegado de curso a partir do Nivel 3º de Ed. Primaria.

3.3.2- As relacións entre alumnos/as están reguladas polas normas xerais de convivencia expostas no punto 2.

4.- Faltas e Sancións: (Remitímonos as recollidas no RRI)

A continuación especificanse as faltas contrarias ás normas de convivencia e as faltas gravemente prexudiciais para a convivencia do colexio.

A gravidade das faltas será valorada polos implicados mailo equipo de profesores.

NORMAS DE CONVIVENCIA

1.- En todo momento, tanto alumnos/as, como mestres e pais/nais respectarán a ideoloxía, raza, sexo ou nacionalidade dos demais; sen agresións nin ameazas físicas ou morais.

2.- Tódolos membros da comunidade escolar respectarán ó máximo os horarios establecidos.

3.- O profesor titor será informado polos mestres que imparten no seu grupo das incidencias ou situacións da clase, ou dalgún alumno/a, cando xurdan problemas ou incidencias.

4.- Os alumnos/as subirán ás súas clases con normalidade, sen formar filas, entrando primeiro os de Infantil e logo por ciclos.

Evitaranse as aglomeracións e todo o que poida molesta-los seus compañeiros.

5.- Os alumnos/as dirixiranse ás súas aulas sen deterse nos pasillos nin entrar en outras aulas.

6.- Os alumnos/as de cada aula estarán baixo a responsabilidade do mestre que, nese momento, deba impartir clase nese grupo.

7.- Na primeira clase de cada sesión ou cando se reanuden as clases despois do recreo, o profesor deberá entrar na aula cos seus alumnos/as, procurando que estes ocupen os seus postos con normalidade. (Os mestres encargados de vixiar no recreo responsabilizaránse de controlar e recibir aos alumnos/as en todas as entradas ao centro durante ese mesmo día).

8.- Durante as clases só se concederá permiso para saír da aula ós alumnos/as que realmente o necesiten, e nunca a máis de un á vez.

9.- Para entrar nas aulas alleas á propia a solicitar algo, pedirase o permiso correspondente con corrección.

10- En ningún caso permitirase subir ás aulas sen a autorización dun mestre.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

Se algún mestre, pola razón que sexa, considera que algún alumno/a debe permanecer nas aulas durante o recreo, el se encargará da súa vixilancia.

11- Se algún alumno/a sufrira algún accidente, os mestres prestaránlle asistencia.

12- Os docentes encargados do control do patio serán os encargados de toca-lo timbre ou sirena en tódalas entradas ou saídas.

13- No patio, a zona do areeiro e as súas cercanías, destinadas os nenos/as de Infantil, non é accesible para os maiores, e ademais non se empregarán balóns.

14- No recreo, os alumnos/as non poderán saír do patio. Se houberse que saír a recoller algún elemento de xogo, deberán pedir permiso ós mestres que estean no patio.

15- Ó final da última clase de cada sesión, os docentes sairán os últimos da aula, asegurándose de que todo quede en perfecto estado.

16- O emprego dos xogos que están dentro do edificio levarase a cabo con permiso dalgún mestre, máis cos turnos establecidos.

17- Por razóns de organización, se un profesor decidira da-la clase noutra dependencia do colexio distinta á habitual, comunicarllo con anterioridade á dirección.

18- Se algún profesor, de acordo coa súa programación, decidirá sacar ós seus alumnos/as fóra do recinto escolar, comunicarllo á dirección, logo de te-la autorización dos pais.

19- En caso de ausencia dalgún mestre, os demais mestres colaborarán coa atención e vixilancia das súas clases, na forma que determine a dirección; preferentemente a cargo dos mestres que non teñan clase nese momento.

20- O material de Educación física só se empregará cando o determine o mestre correspondente.

21- Na aula, cada alumno/a recollerá e coidará o seu material. Ademais, o material de uso común e demais elementos da aula serán respectados e coidados con esmero.

22- O material de emprego común do colexio será utilizado no lugar destinado. Calquer cambio de ubicación será autorizado polo mestre responsable.

23- A rotura ou deterioro de instalacións, material e mobiliario, por uso indebido ou negligente, será compensado economicamente.

24- Os alumnos/as, pais/nais e mestres serán informados das resolucións, comunicacións e regulamentos que poidan afectarlles, mailos acordos dos órganos de dirección e equipos do colexio.

25- Como as obrigacións dos mestres cara ós alumnos/as teñen carácter preferente, as visitas dos pais/nais faranse segundo o horario establecido, sempre fóra das horas de clase.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

26- Os alumnos/as do transporte escolar permanecerán dentro do patio ata que chegue o vehículo de transporte, e entrarán no patio cando cheguen ó colexio.

27- As faltas de asistencia a clase dos alumnos/as serán xustificadas segundo se especifica no apartado correspondente deste regulamento. As dos mestres xustificaranse segundo a lexislación vixente.

28- Tanto alumnos/as como os docentes vestirán e estarán correctamente aseados.

29- Os pais/nais teñen a obrigaón de comunicar ó colexio as enfermidades infecto-contaxiosas dos seus fillos, que permanecerán na casa mentres dure a convalecencia.

30- O alumno/a afectado por parásitos só será admitido no colexio cando estea totalmente libre deles.

31- O material de informática destinado ós alumnos/as só será utilizado cando estea diante un profesor que se encargará do emprego correcto tanto a nivel material como dos programas ós que se acceda.

32- O material informático destinado ós docentes só será empregado para as necesidades relacionadas có ensino, nunca para asuntos persoais; coidando con esmero o material e ó acceso a programas axeitados.

4.1. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NO MOMENTO DE ESTABLECE-LAS
SANCIÓNS.

CIRCUNSTANCIAS PALIATIVAS OU ATENUANTES	CIRCUNSTANCIAS ACENTUANTES
O recoñecemento espontáneo da súa conducta incorrecta.	A premeditación. A reiteración.
A falla de intencionalidade.	Causar dano, inxuria ou ofensa ós compañeiros de menor idade e os recentemente incorporados ó colexio. Calquera acto que atente contra: - a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas - a non discriminación por razóns físicas, sensoriais ou psíquicas. - Calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia realizados polos alumnos/as:

No recinto escolar.

Durante a realización de actividades complementarias e extraescolares.

Fóra do recinto escolar, que estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten ós compañeiros e outros membros da comunidade escolar.

4.2. Conductas contrarias ás normas de convivencia.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

- 1) Falta de puntualidade.

- 2) Falta de respecto ós membros da comunidade escolar.

- 3) Saída momentánea e sen permiso do recinto escolar en horario lectivo

- 4) Traer ó centro telefonos móbiles ou aparellos electrónicos.

- 5) Atoparse nunha aula ou dependencia do colexio sen permiso, nas horas de recreo.

- 6) Xogar, no recreo, fóra da zona asignada.

- 7) Desperfectos leves do material.

- 8) Provocar conflitos nas entradas e saídas.

- 9) Faltas inxustificadas de asistencia a clase: máis do 16 %.

- 10) Calquera acto inxustificado que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes.

4.3.SANCIÓNS ÁS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

CORRECCIÓN	ÓRGANO COMPETENTE	CONDICIÓNS
a) Amonestación privada ou por escrito.	- Profesores do alumno/a. - Titor	- Oído o alumno. - Dar conta ó titor ou Director.
b) Comparecencia inmediata diante do director.	- Os profesores do alumno/a. - O titor. - O director.	- Oído o alumno/a. - Dar conta ó titor ou director.
c) Realización de traballos específicos no horario lectivo e non lectivo.	- O titor do alumno/a. - O director.	- Oído o alumno/a. - Oído o profesor ou titor.
d) Realización de tarefas para repara-lo dano causado nas instalacións ou nos materiais do colexio ou nas pertenzas doutros membros da comunidade educativa.	- O titor. - O director.	- Oído o alumno/a. - Oído o profesor ou titor.
e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do colexio.	- O titor do alumno/a. - O director.	- Oído o alumno/a. - Oído o profesor ou titor.

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

f) Cambio do alumno/a de grupo por un prazo máximo dunha semana.	- O titor. - O director.	- Oído o alumno/a. - Oído o profesor ou titor do alumno/a.
g) Reunión pais, alumno/a e profesores.	- O titor. - O director.	- Oído o alumno/a, pais e profesores.
h) Actividades de terapia individual ou grupal.	- O titor. - O director.	- Oído o alumno/a, pais e profesores.
i) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período máximo de tres días. (Débense propoñer traballos para eses días).	- O director, por delegación do Consello Escolar.	- Oído o alumno/a, o titor, o equipo directivo, os pais do alumno/a. - Levantar acta da reunión.

4.4. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA NO CENTRO.

CONDUCTAS CONSIDERADAS GRAVES	SANCIONES DAS CONDUCTAS GRAVES
a) Os actos de indisciplina, inxuria, ofensas graves, ameazas, intento de agresión ou agresión contra os membros da comunidade educativa.	- Realización, no horario lectivo e non lectivo, de tarefas que contribúan a: * mellora-lo desenvolvemento das actividades do colexio.
b) A reiteración, nun mesmo curso, de conductas contrarias ás normas de convivencia.	* repara-los danos causados.
c) Agresión ou discriminación grave, física ou moral, contra os demais membros da comunidade educativa.	- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do colexio.
d) A suplantación da personalidade nos actos da vida docente. A falsificación ou sustracción de documentos académicos.	- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a 5 días e inferior a 2 semanas (deberanse propoñer actividades ou traballos para eses días).
e) Os danos graves causados por uso	- Suspensión do dereito de asistencia ó

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

<p>indebido ou sustraccións nos locais, material ou documentación do colexio ou nós bens doutros membros da comunidade educativa.</p>	<p>colexio por un prazo máximo de 3 días lectivos (débense propoñer actividades ou traballos para eses días).</p>
<p>f) Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa, ou incitación ás mesmas</p>	<p>- Cambio de centro.</p>
<p>g) Abandona-lo colexio sen a debida autorización.</p>	
<p>h) Calquera acto inxustifico que perturbe gravemente o normal desenvolvemento das actividades do colexio.</p>	

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA
PLAN DE CONVIVENCIA.

3- Correccións das condutas contrarias as normas de convivencia.

As condutas contrarias as normas de convivencia recollidas neste plan ou outras que poidesen aparecer poderán ser corrixiadas segundo o establecido no RD 732/1995 artigos 49 a 53.

- As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán á finalización do curso escolar.

4- Este plan de convivencia complementábase co propio Plan de Acción Titorial.